

DOCUMENTOS TEMA 24. O FRANQUISMO: AS FORMAS DE OPOSICIÓN AO RÉXIME

*Textos que apareceron en exames PAU

Doc. 01. O guerrilleiro Francisco Rey lembra o movemento dos anos 40*:

“Alí onde había homes perseguidos que se viron na necesidade de fuxir, fixérono antes de caer de novo no cárcere ou ante un pelotón de execución. Marcharon así ao monte homes de todas as tendencias, socialistas, anarquistas, algúns católicos e, sobre todo, numerosos militantes comunistas. [...] Ao principio as nosas accións tiñan un carácter case exclusivamente de fuxidos que se moven organizadamente buscando puntos de apoio, falando coas xentes da necesidade de crear o movemento guerrilleiro. Eramos os fuxidos, os escapados, como nos chamaba o pobo”.

Doc. 02. Fragmento da sentenza do Consello de Guerra 650/59 contra a Agrupación Socialista Universitaria de Valencia, 3 de agosto de 1959*:

“Nos últimos meses de 1958 [...] maniféstanse en Madrid e outras universidades, grupos de estudantes opostos ao SEU, baixo as denominacións Asociación Socialista Universitaria, Nova Esquerda Universitaria, Democracia Cristiá Estudantes e Estudantes Comunistas. E a instancia destes últimos [...] constitúese un Comité de Coordinación Universitaria. [...] Unha destas consignas é axuntar os esforzos de todos os elementos desconformes coa política do Réxime vixente en España, especialmente no social e económico, para producir unha xornada de protesta pacífica en forma de folga de vinte e catro horas, que tería que ter lugar o 18 de xuño do ano en curso. Folga pacífica que fracasou rotundamente pola repulsa do pobo español”.

Doc. 03. Proxecto de resolución aprobado por aclamación no Congreso de Múnic*:

“O Congreso do Movemento Europeo, reunido en Múnic os días 7 e 8 de xuño de 1962, estima que a integración, xa en forma de adhesión, xa de asociación de todos os países a Europa, esixe de cada un deles institucións democráticas, o que significa no caso de España [...] o seguinte:

1º. A instauración de institucións autenticamente representativas e democráticas que garantan que o Goberno se basea no consentimento dos gobernados.

2º. A efectiva garantía de todos os dereitos da persoa humana, en especial os de liberdade persoal e de expresión, con supresión da censura governativa.

3º. O recoñecemento da personalidade das distintas comunidades naturais”.

Doc. 04. O guerrilleiro Francisco Rey lembra o movemento dos anos 40*:

“Alí onde había homes perseguidos que se viron na necesidade de fuxir, fixérono antes de caer de novo na cadea ou ante un pelotón de execución. Marcharon así ao monte homes de todas as tendencias, socialistas, anarquistas, algúns católicos e, sobre todo, numerosos militantes comunistas (...).

Ao principio as nosas accións tiñan un carácter case exclusivamente de fuxidos que se moven organizadamente buscando puntos de apoio, falando coas xentes da necesidade de crear o movemento guerrilleiro. Eramos os fuxidos, os escapados, como nos chamaba o pobo. E nesa época, no momento máis agudo da represión franquista, tivemos sempre o apoio abnegado, silencioso e incondicional do pobo. Aqueles homes que nas aldeas nos axudaban sabían perfectamente ao que se expoñían e, non obstante, non vacilaban en acollernos”.

Doc. 05. Noticia recollida en Mundo Obrero dunha manifestación universitaria en Madrid (1956)*:

“Estes potentes berros, lanzados por centos de valentes peitos xuvenís, atronaban as rúas céntricas da capital. Unha proba patente da debilidade do goberno é que non se atreveu a utilizar a policía armada para reprimir a manifestación. A forza pública recibira instrucións de se retirar (...).

Ao pasar a manifestación diante do Ministerio de Gobernación, recrudécéronse os berros dos estudantes contra a Falanxe e contra o réxime. O público acollía a manifestación cun grande alborozo, con signos emocionantes de simpatía. Os estudantes antifranquistas foron donos ese día das rúas céntricas da capital durante preto dunha hora. O tráfico foi paralizado por completo na rúa de Alcalá”.

Doc. 06. O líder sindical Marcelino Camacho lembra as orixes das Comisións Obreiras (CC.OO.):*

“A cabalo entre 1956 e 1957 xurdiu e desapareceu, nun prazo breve, unha comisión na mina asturiana La Camocha, para defender unha asignación de carbón aos mineiros (...). Outras funcionaron en diversos lugares como Euskadi, Cataluña, Valencia, Andalucía, etc., sempre de forma fugaz e variada composición (...).

En Madrid iniciouse unha nova fase de Comisións Obreiras que se caracterizou polo carácter permanente desas comisións elixidas en asembleas (...). Decidíramos servirnos da Escola Sindical de Enlaces (...) como un medio para nos coñecer e estender os nosos contactos sobre todo coas grandes empresas do metal”.

Doc. 07. En 1974, o Partido Comunista de España inspirou a formación da Xunta Democrática, na que se agrupaban diversas forzas de oposición que aprobaron o seguinte programa*:

“1.-A formación dun goberno provisional que substitúa o actual (...). 3.-A legalización dos partidos políticos sen exclusións.

4.-A liberdade sindical e a restitución ao movemento obreiro do patrimonio do Sindicato Vertical. 5.-Os dereitos de folga, de reunión e de manifestación pacífica.

6.-A liberdade de prensa (...).

8.-A neutralidade e a profesionalidade, exclusivamente militar para a defensa exterior, das forzas armadas.

9.-O recoñecemento, baixo a unidade do Estado español, da personalidade política dos pobos catalán, vasco e galego e das comunidades e rexións que o decidan democraticamente.

10.-A separación da Igrexa e do Estado (...).”

Doc. 08. A oposición dos intelectuais ao franquismo

Xeneral, marche vostede. Non está no meu ánimo ofendelo, pero si falar claro; xa que, polo visto, conserva vostede ilusións sobre o que desexan a opinión nacional e a estranxeira, e aínda que sobre o que están dispostas a tolerar. Non por descortesía dígolle pois: xeneral, marche vostede. [...]

En van intenta vostede presentar España ao estranxeiro como unha democracia. Non hai democracia que vala. Non hai argucia que tape as camisas de color, como Hitler, as chaquetas claras, como Hitler, os pantalóns escuros, como Hitler, o saúdo romano, como Hitler, o título de Caudillo, mala tradución de Führer, como Hitler, o partido único comendo o país en plena esmorga de corrupción, como Hitler, a prensa domesticada, como Hitler, os campos de concentración, como Hitler. Xeneral, marche vostede.

Non llo digo por ofendelo. Pero o Caudillo dun bando dunha guerra civil non vale para facer a unidade española. O home que fusilou a Companys, a Zugazagoitia, a Cruz Salido e a tantos outros innumerables non serve para facer a unidade española. Ten vostede aldraxadas e oprimidas a Cataluña, a Euskadi e a Galicia. A pesar de que vostede é galego [...] ten amordazadas as tres linguas galega, vasca e catalá; mudo o Orfeón Catalán, disperso o Instituto de Estudos Galegos de Santiago. Pero estes tres pobos teñen dereito a vivir como lles pareza nunha España que, libre, é bastante grande para todos. Como a do Señor, a de España é casa de moitas moradas. Vostede non a comprende. Xeneral, marche vostede.

Que haxa polo menos na súa vida un acto que España poida agradecerlle. Xeneral, marche vostede. Salvador de MADARIAGA. **Carta ao Xefe do Estado.** Novembro, 1944 [castelán]

Doc. 09. A despedida dun guerrilleiro

Queridos camaradas: Comezo a escribir esta carta que non sei se poderei rematar. Sei que se aproxima a miña fin, pois o vexo na cara dos meus gardiáns, e xa estou presenciando os preparativos das feras que se dispoñen a darse un festín sanguento e precisamente es vésperas de Noiteboa. Así son estes chamados católicos. Quero aproveitar o pouco tempo que me queda e tamén as poucas forzas, pois teño o meu corpo derreado, e a bala da cabeza por momentos parece que lle quere privar a eses canallas do gozo de verme colgado. [...]

Desde o día en que me colleron (sen sentido, porque con vida xamais me deixaría atrapar), non lles importou que estivese case moribundo. Primeiro foron os interrogatorios de 12 a 14 horas até que, esgotado, perdía o coñecemento. E cando viron que con palabras e promesas nada sacaban de min, comezaron as torturas. Nin eu mesmo recoñezo as miñas mans e pés. Estiven 15 días que non podía mexar máis que sangue [...]. O

mesmo que case sen vida me gritaban: cantas ou te matamos! A miña resposta foi sempre a mesma: a vida poderedes quitarma, pero non a dignidade. Nese momento lembrábame de [...] que son comunista e guerrilleiro, e os comunistas non se acovardan, non cantan xamais. Ante isto, que importa perder a vida! [...] Camaradas, despídome de todos, dos que foron meus compañeiros de traballo, de meus irmáns guerrilleiros, da gloriosa IV Agrupación, e de vosoutros, camaradas do Partido. Despídome da miña amada Galicia, pola que dou a miña vida, con este grito que sairá da miña gorxa no derradeiro momento: Viva o Partido Comunista! Viva a República!

Segundo VILABOY MARTÍNEZ. **Carta** [enviada á Dirección do PC de Ferrol]. 17-12-1947 [castelán]

Doc. 10. Os sucesos do 10 de marzo de 1971 en Ferrol

Aquela noite [10-3-1972] reunímonos uns cantos dirixentes de CCOO [...] e preparamos as mobilizacións do día seguinte para forzar a reapertura da factoría (Bazán). Quedáramos xa na asemblea en concentrarnos nas portas á hora de entrada, e programamos entón mobilizarnos durante a mañá por Ferrol para reclamar que as portas se volvesen abrir e a readmisión dos despedidos [...].

O mesmo día 10 a primeiras horas da mañá había moita policía secreta por Ferrol [...]. Ao ver que as portas estaban pechadas decidimos realizar unha manifestación cara ao barrio de Caranza, xa que alí traballaban moitos obreiros da construción aos que iamos pedir solidariedade [...].

Ao pasar xa o cruce das Pías, cando a cabeza da manifestación estaba chegando á ponte da Rúa Nova de Caranza, chegaron numerosos coches da Policía Armada desde as Casas Baratas e intentaban dividir en dúas a manifestación e dispersarnos [...]. Daniel Niebla caeu diante de min morto dun tiro na fronte e Xulio Aneiros foi ferido de gravidade dun balazo no pescozo. A policía despois montou nos coches e escapou.

Rafael PILLADO. "O dez de marzo en Ferrol". **A Nosa Terra**. Novembro de 1988.

Doc. 11. Ideoloxía e propostas de Tácito

Os que se agrupan baixo este pseudónimo coinciden, entre outros, nos seguintes puntos:

- A convivencia nacional debe asentarse sobre bases democráticas e pluralistas.
- Debe fomentarse a apertura de novas canles de participación na vida política, con recoñecemento efectivo do principio de representación.
- O obxectivo primario é [...] o efectivo respecto dos dereitos fundamentais e a realización das transformacións sociais e económicas que garantan a igualdade de oportunidades entre todos os españois.

TÁCITO. **Liñas definitorias**. 10-12-1974 [castelán]

Doc. 12. Procesados e afectados pola xurisdición de Orde Pública.

Año	Procedimientos	JOP 1	JOP 2	Sentencias	Procesados	Afectados
1964	667	667		128	385	2006
1965	311	311		112	304	844
1966	463	463		146	378	1199
1967	617	617		155	374	1489
1968	989	989		221	585	2618
1969	1101	1101		354	946	2942
1970	1358	1358		316	918	3945
1971	1360	1360		332	911	3732
1972	1695	1463	232	234	506	3665
1973	2089	1083	1006	506	975	4025
1974	2382	1152	1230	567	1107	4651
1975	4316	2202	2114	526	1184	9715
1976	5312	2731	2581	201	370	9778
<i>Totales</i>	22660	15497	7163	3798	8943	50609